

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

**12350** Orde ECC/2402/2015, do 11 de novembro, pola que se crea o Órgano centralizado de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo do Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles.

O colectivo de rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles viu como, nos últimos anos, a súa posición, en relación coas funcións de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, se modificou profundamente.

Conforme a lexislación vixente até o mes de abril de 2010, os rexistradores da propiedade, mercantís e de bens inmoables estaban unicamente obrigados a cumprir co deber de colaboración imposto a toda autoridade e funcionario consistente en informar o Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias (Servizo Executivo da Comisión) dos feitos de que tivesen coñecemento no exercicio da súa función que puidesen constituír indicio ou certeza de branqueo de capitais.

Esta situación cambia radicalmente coa promulgación da Lei 10/2010, do 28 de abril, que inclúe no seu artigo 2.1.n) os rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles como unha nova categoría de suxeitos obrigados.

Esta condición determina a atribución dunha serie de obrigacións preventivas que cada un dos rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles está obrigado a cumprir a título individual. Non obstante, a propia Lei 10/2010, do 28 de abril, no seu artigo 27, dispón que mediante orde do ministro de Economía e Facenda, actualmente, ministro de Economía e Competitividade, pode acordarse a constitución de órganos centralizados de prevención das profesións colexiadas suxeitas á dita lei. Posteriormente, o artigo 44 do Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, aprobado polo Real decreto 304/2014, do 5 de maio, determinou cales ían ser as competencias que corresponden aos órganos centralizados de prevención.

A creación de órganos centralizados de prevención ten por obxecto intensificar e potenciar a colaboración das profesións colexiadas coas autoridades xudiciais, policiais e administrativas, permitindo un maior nivel de especialización nestas tarefas dentro do colectivo de suxeitos obrigados.

Desta maneira conséguese un obxectivo dobre. Por un lado, facilítase o cumprimento por parte dos suxeitos individuais da normativa preventiva, ao contar cun órgano especializado encargado das funcións de tipo administrativo ou procedemental e que, así mesmo, canaliza as comunicacións de operativa sospeitosa que os rexistradores remiten. Por outro lado, a creación deste tipo de órganos centrais é tamén un mecanismo que beneficia a homoxeneidade das medidas aplicadas polo colectivo á hora de dar cumprimento ás previsións establecidas na Lei 10/2010, do 28 de abril, e no Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, aprobado polo Real decreto 304/2014, do 5 de maio, evitando potenciais interpretacións diverxentes sobre o alcance e significado das obrigacións.

Ademais, esta mesma especialización determina unha mellora da calidade das informacións recibidas polas autoridades e unha axilización na remisión de informacións solicitadas.

A orde dítase ao abeiro da habilitación normativa contida no artigo 27.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril, conforme o cal o ministro de Economía e Competitividade, logo de cumprimento dos trámites legais oportunos, poderá acordar a constitución de órganos centralizados de prevención das profesións colexiadas suxeitas ás obrigacións establecidas na dita lei.

A orde foi sometida ao informe preceptivo dos vogais da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, de acordo co establecido no artigo 44.2 k) da Lei 10/2010, do 28 de abril, así como ao informe previo da Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co artigo 37.1 h) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co artigo 5 b) do Estatuto da Axencia Española de Protección de Datos, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo 1. *Ámbito de aplicación.***

Esta orde será de aplicación a todos os rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles de España (os rexistradores), os cales deberán seguir os procedementos e exixencias nela establecidos para cumprir coas obrigacións contidas na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, e no Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, aprobado polo Real decreto 304/2014, do 5 de maio.

**Artigo 2. *Órgano Centralizado de Prevención do Branqueo de Capitais e do Financiamento do terrorismo do Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles.***

O Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles (Colexio de Rexistradores) constituirá un órgano centralizado de prevención coa función de promover e canalizar a colaboración dos rexistradores coas autoridades xudiciais, policiais e administrativas, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

**Artigo 3. *Incorporación ao Órgano Centralizado de Prevención do Colexio dos Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles.***

A aprobación desta orde suporá a incorporación automática ao Órgano Centralizado de Prevención de todos os rexistradores.

**Artigo 4. *Director do Órgano Centralizado de Prevención do Colexio dos Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles.***

1. A Xunta de Goberno do Colexio de Rexistradores designará un director do Órgano Centralizado de Prevención. A dirección do Órgano Centralizado de Prevención deberá ser desempeñada pola persoa que reúna as condicións de experiencia técnica e profesional en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo que a fagan idónea para o desempeño do cargo. Para estes efectos, deberá contar con formación específica e experiencia de, ao menos, cinco anos en tarefas de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo. Así mesmo, serán de aplicación as disposicións que, en materia de altos estándares éticos, establece o artigo 40 do Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril.

2. O director do Órgano Centralizado de Prevención, conforme o disposto no artigo 27 da Lei 10/2010, do 28 de abril, terá, con carácter nato, a condición de representante ante o Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias (Servizo Executivo da Comisión). Para estes efectos, a proposta de nomeamento de representante, acompañada dunha descrición detallada da súa traxectoria profesional, será comunicada ao Servizo Executivo da Comisión que, de forma razoada, poderá formular reparos ou observacións.

**Artigo 5. *Exame especial de operacións.***

1. O Órgano Centralizado de Prevención examinará con especial atención aquelas operativas en que concorran as circunstancias establecidas no artigo 17 da Lei 10/2010,

do 28 de abril, remitidas para a súa análise polos rexistradores ou ben detectadas de maneira directa polo Órgano Centralizado de Prevención, mediante o tratamento da información contida nas bases de datos rexistras.

Para os efectos da adecuada realización da función de análise, os rexistradores deberán facilitar ao Órgano Centralizado de Prevención calquera información que este lles requira para o exercicio da súa función de exame.

2. O Órgano Centralizado de Prevención manterá, durante un prazo de dez anos, un rexistro pormenorizado de todas as operacións que fosen obxecto de exame especial, documentando as fases da análise, as xestións realizadas e as fontes de información internas e externas consultadas, incluíndo, así mesmo, a información relativa á decisión sobre a procedencia ou non da comunicación da operación e as súas causas.

#### Artigo 6. *Comunicación de operacións.*

1. Se, tras o exame a que se refire o artigo anterior, existen indicios ou certeza de que o feito ou operación está vinculado co branqueo de capitais ou co financiamento do terrorismo, o director do Órgano Centralizado de Prevención comunicará por escrito a operación ao Servizo Executivo da Comisión, en nome e por conta, se for o caso, do rexistrador que a remitise para a súa análise.

2. As comunicacións realizadas ao Servizo Executivo da Comisión conterán, en todo caso, a información establecida no artigo 18.2 da Lei 10/2010, do 28 de abril, e indicarán, así mesmo, os datos de identificación do rexistrador ou rexistradores intervinientes.

3. A comunicación de operacións ao Servizo Executivo da Comisión realizarase de modo telemático, sen prexuízo da utilización doutros soportes cando sexa preciso. O sistema de comunicación empregado deberá asegurar a plena confidencialidade e integridade da información transmitida.

#### Artigo 7. *Análise de risco.*

1. O Órgano Centralizado de Prevención realizará a análise dos riscos que, en materia de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo, enfronta a actividade desenvolvida polos funcionarios colexiados.

Este análise de risco deberá constar por escrito e comprenderá a identificación e avaliación dos riscos existentes en función das características dos intervinientes, das áreas xeográficas afectadas e dos tipos de actos ou operacións concernidos.

2. A análise de risco, que deberá ser revisada periodicamente para garantir a súa vixencia, será a base a partir da cal se deseñen os procedementos de control interno aplicables polos funcionarios colexiados e polo Órgano Centralizado de Prevención.

#### Artigo 8. *Manual de procedementos.*

1. O Órgano Centralizado de Prevención elaborará e manterá actualizado o Manual de procedementos en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo dirixido a garantir o cumprimento polos rexistradores das súas obrigacións nesta materia e cuxo contido mínimo se axustará ao establecido no artigo 33 do Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril.

2. O Manual de procedementos deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno do Colexio de Rexistradores, que velará, a través do Órgano Centralizado de Prevención, por que estes apliquen na súa actividade profesional o referido manual.

3. O Manual de procedementos actualizado deberá estar sempre accesible para o seu uso e consulta por parte de todos os funcionarios incorporados e do persoal dependente daqueles.

#### Artigo 9. *Formación.*

O Órgano Centralizado de Prevención organizará, conforme o plan anual aprobado, accións formativas, presenciais ou telemáticas, dirixidas aos rexistradores e ao seu

persoal, e enfocadas ao coñecemento das obrigacións legais vixentes, así como dos procedementos internos postos en marcha para cumprir con aquelas.

Estes procesos de formación deberán contar cun sistema de avaliación do aproveitamento por parte dos destinatarios.

#### Artigo 10. *Supervisión.*

Sen prexuízo das competencias do Servizo Executivo da Comisión, en materia de supervisión do cumprimento das obrigacións da Lei 10/2010, do 28 de abril, e da súa normativa de desenvolvemento, o Órgano Centralizado de Prevención levará a cabo accións de inspección respecto dos funcionarios incorporados, nos termos establecidos no artigo 44.2.i) do Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril.

Para estes efectos, a Xunta de Goberno do Colexio de Rexistradores aprobará anualmente o plan de supervisión, que deberá estruturarse conforme criterios de risco.

O plan aprobado remitirase ao Servizo Executivo da Comisión.

#### Artigo 11. *Deber de confidencialidade.*

Os rexistradores e os membros do Órgano Centralizado de Prevención non revelarán, nin ao solicitante da inscrición nin a terceiros, a subministración de información ao Servizo Executivo da Comisión, por petición deste, nin a realización dunha comunicación de operativa sospeitosa ou o feito de estar realizando o proceso de exame especial.

Para estes efectos, os procedementos internos deberán establecer mecanismos de comunicación áxiles, entre os rexistradores e o Órgano Centralizado de Prevención e deste co Servizo Executivo da Comisión, que permitan o intercambio de información coa adecuada confidencialidade.

#### Artigo 12. *Execución de medidas restritivas e sancións financeiras internacionais.*

1. As prohibicións de dispor que afecten bens mobles e inmobles, adoptadas ao abeiro de regulamentos da Unión Europea de aplicación directa nos países da Unión Europea ou acordadas polo Consello de Ministros, en aplicación do artigo 42 da Lei 10/2010, do 28 de abril, faranse constar nos correspondentes rexistros, por nota na marxe da inscrición de dominio, expresando a orixe e o contido da prohibición.

A vixencia da nota marxinal será a sinalada para a prohibición de dispor na disposición ou acordo en virtude da cal se practicou e, en defecto de prazo, a súa duración será indeterminada e cancelarase cando o nome do titular rexistral desapareza da lista ditada ao abeiro do regulamento da Unión Europea ou cando o dispoña o Consello de Ministros que a ordenou.

2. O Órgano Centralizado de Prevención comprobará periodicamente as listaxes de persoas físicas e xurídicas contidas nos regulamentos da Unión Europea a que se refire o número 1, cotexándoas coas bases de datos rexistrais.

Se resulta que algún dos nomes examinados aparece como titular de bens inscritos, comunicaráo ao rexistro competente para que, se for o caso, o faga constar conforme o sinalado no número 1, ou para a súa cancelación, se se produciu a baixa do nome na lista.

Igual comunicación se realizará respecto aos acordos do Consello de Ministros, tanto para a práctica como para a cancelación da nota marxinal, sen prexuízo da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

3. O rexistro informará o Órgano Centralizado de Prevención dos asentos practicados ou da súa imposibilidade, para efectos da súa comunicación á Subdirección Xeral de Inspección e Control de Movementsos de Capitais e Infraccións Monetarias.

#### Artigo 13. *Responsable e encargado do tratamento dos ficheiros de datos.*

O Órgano Centralizado de Prevención terá, respecto dos ficheiros de datos creados para o cumprimento do disposto na Lei 10/2010, do 28 de abril, e na súa normativa de desenvolvemento, a condición de encargado do tratamento, de conformidade co disposto

no artigo 32.4 da mencionada lei, e para os efectos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Para estes mesmos efectos, terá a condición de responsable do tratamento, nos termos que resultan do artigo 44.6 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 10/2010, do 28 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

Habíltase a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira para ditar instrucións para a aplicación do previsto nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos catro meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de novembro de 2015.–O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.